ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 25 DE FEBREIRO DO 2008.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintecinco de febreiro de dous mil oito; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, e Dona Manuela Iglesias Collarte.

Está presente o Secretario do Concello, Don Jacobo Barreiro Pimentel, estando tamén presente o Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 18 de Febreiro do dous mil oito (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

"Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á

obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

EXPTE. Nº: RIB/S/225.3/07

A D José Benito Dávila Fuertes e Mª Ángeles Mosqueira Vidal., con domicilio na rúa Carlos Casares,Nº12-2º A. Ribadavia , para levar a cabo as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na rúa dos Fornos, que se realizarán segundo o proxecto Básico , de Execución redactado polo arquitecto D. josé Benito Dávila Fuertes, con visado de 16 de novembro de 2007,.

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Rehabilitación duna vivenda unifamiliar.

Contía na que se orzan as obras: 68.303,24€..

Situación e emprazamento das obras: Rúa dos Fornos.

Redactor do Proxecto: D josé Benito Dávila Fuertes.

Director de Obras e de Execución: D.Alberto Rodríguez Rodríguez.

Nome ou razón social do promotor:

Prazos:Os sinalados no Informe Técnico de data 15 de febreiro de 2008 ; o prazo de inicio das obras é de un mes e o prazo de remate de tres anos , a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da licenza de obras .

Liquidación do ICIO: : A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no expediente e que ascende a 68.303,24 euros, prácticase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, instalacións e obras, por importe de 1.775,88 euros.

Caracteristicas do proxecto: As sinaladas no Informe da Arquitécta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 15 de xaneiro de 2008, que se expon a continuación.

"O "Proxecto Básico e de Execución para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar", visado con data de 16 de novembro de 2007, está redactado polo arquitecto D. José Benito Dávila Fuertes, estando o seu cargo a Dirección Facultativa de Obras , e a Dirección Material das Obras a cargo de D. Alberto Rodríguez

Rodríguez. O Proxecto de Sondeo Arqueolóxico"e Informe Arqueolóxico están redactados polo arqueologo D. Celso Rodríguez Cao.

As obras a realizar comprenden a rehabilitación integral da edificación para o uso de vivenda unifamiliar, e consisten na substitución da estrutura de madeira existente, forxados e formación de cuberta , por outras coas nmesmas características construtivas ; restauración da escaleira; eliminación de balcón de formigón cara a rúa Extramuros para a súa execución en madeira ; execución de tabiquería mediante paneis de cartón-xeso e nova carpintería exterior mantendo o deseño actual, agas a porta de acceso á vivenda que se mantén.
Todas estas actuacións enténdense como obras permitidas segundo o artigo 21 das Ordenanzas do P.E.P.R.I.

Ademais, proxéctase a reapertura dun vano sobre o trazado da Muralla, con consideración de Ben de Interese Cultural (B.I.C.) .
Esta actuación conta con a autorización previa da Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deportes.

En base a todo o exposto anteriormente infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Obras solicitada.

Antes do inicio das obras deberá presentarse o Oficio de Designación do Coordinador en Materia de seguridade e saude."

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

CONDICIÓNS URBANÍSTICAS.-

EXPTE: 06/02/2008/930-CU/53 Vista a solicitude de Don Jesús M. Suárez Vázquez**,** con domicilio na rúa Otero Pedrayo, 12, 2º IZ, Ribadavia no que interesa información urbanística aplicable a un solar sito no camiño Formigueira de Francelos con referencia catastral 97.13.9-18, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe do técnico municipal, de data 20.02.08, que literalmente di:

"Visto o escrito de D. Jesús M. Suárez Vázquez, de data 6 de febreiro de 2008, RE Nº 930 onde **"Solicita información urbanística aplicable a un solar sito no Camiño Formigueira de Francelos, segundo plano que se achega."**

1. Axúntase :

    a. "Consulta descriptiva e gráfica de Datos Catastrais bens inmobles de naturaleza urbana".

    Refírese a ben coa Referencia Catastral completa: 9713918NG6891S0001US.

2. O ordenamento urbanístico do Concello de Ribadavia, corresponde ás NNSSM, publicadas no BOP nº 66 do 23 de marzo de 1987, NCSPP, que no seu carácter de aplicación corresponda e publicadas no DOGA do 19 de xuño de 1991, así como o Estudio de Detalle Francelos Travesía, aprobado no pleno de 2 de novembro de 1993. ç

   Este ordenamento supedítase a "Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia", DOGA nº 252 de 31 de decembro de 2002, modificada por a Lei 15/2004 de 29 de decembro, Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do Territorio e do litoral de Galicia, así como disposicións concorrentes.

   a. A Parcela con Ref. C: 97.13.9-18, corresponde a Solo clasificado como Solo Urbano, regulado por a Ordenanza 14.2, USOS MIXTOS, GRADO B.

   b. Rasante e Alineacions , según se establece na Cartografía Oficial, Plano Nº 4.1 , Escala 1: 500. Coas cesions correspondentes ao dominio publico.

   c. A materialización do aproveitamento previsto, tense que xestionar según establece o Art. 195 "Procedimiento de outorgamiento de licenzas" da LOUGA."

ESTUDIO DO ANTEPROXECTO PARA ADAPTACIÓN DE LOCAL PARA UNHA LUDOTECA

EXPTE. RIB/N/11/08 . Vista a solicitude de Verónica Araujo Meiriño**,** con domicilio en rúa Piñeiral, Nº21. Rivadavia no que interesa o estudio do Anteproxecto para a adaptación de local para unha ludoteca, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe da Arquitécta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 06.02.08, que literalmente di:

"Vista a solicitude e a documentación de referencia, considero oportuno informar o seguinte:

Trátase dun local de planta baixa situado dentro dos límites do Polígono de Percepción do Conxunto Histórico.

O citado “Anteproxecto para Adaptación de Local para unha Ludoteca” que se presenta está redactado polo arquitecto técnico D. Alberto Rodríguez Rodríguez.

A actuación que se pretende é a execución de obras de redistribución, acabados, instalacións e modificación de fachada, nun local de planta baixa para a súa adaptación ó uso de ludoteca.

No Anteproxecto presentado cúmprese a normativa urbanística en vigor; sen embargo, dado que a actividade que se pretende considérase como unha actividade clasificada polo R.A.M.I.N.P., para a concesión das oportunas Licenza de Obras e Licenza de Actividade deberá presentarse, por QUINTUPLICADO, o correspondente Proxecto Básico, coa finalidade de obter os Informes Sectoriais preceptivos e previos á concesión das Licenzas Municipais.”

SOLICITUDE DE INFORME SOBRE INSTALACIÓN DUNHA OFICINA

Vista a solicitude de Mª Regina Vázquez Vázquez, con domicilio na rúa Ribeiro, Nº 13-5º D.Ribadavia , e o escrito de D. José Javier Nogueira Álvarez , administrador da comunidade de Propietrarios, no que solicitan información sobre a instalación dunha Oficina nun inmobre sito na rúa Ribeiro, Nº 13-1º, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle a súa aprobación ao informe da Arquitécta da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico, de data 21.02.08, que literalmente di:

“Dado que a edificación atópase situada na ZONA DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO, é de aplicación o fixado no Título XII.- Zona de Protección das Ordenanzas do Plan Especial de Protección e Reforma Interior (P.E.P.R.I.):

- Artigo 89. Condicións de Altura: “De acordo có previsto nas Normas Subsidiarias de Planeamento do Ámbito Municipal e coa Análise das Concas Visuais do Polígono de Percepción, en toda a zona delimitada como de respecto ningunha nova edificación poderá excede-las tres plantas (B+2) en ningún punto sobre a rasante natural do terreo”.
  Coas excepcións derivadas da realidade consolidada, que implica que non quedarán fora de ordenación os edificios existentes.
- Artigo 90. Condicións de Estética: “Serán as mesmas que as establecidas para o Conxunto Histórico polas presentes ordenanzas”.

Respecto ás Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento (NNSSPPMM), é de aplicación a Ordenanza CU: Conxunto Urbano en Conservación Parcial de Carácter; e, segundo consta no plano de ordenación, a Ordenanza RC: Residencial Cerrada.

* CONDICIÓNS DE USO:
- *Usos admitidos, segundo apartado 4.8.3.1 das NNSSPPMM.*

Residencial:: vivenda agrupada.
Industria e Almacén: Talleres domésticos e artesanais así como almacéns compatibles o conviventes coa vivenda.
Comercial: Comercio de calquera clase. Todos os graos.
Dotacional: Calquera clase, de 1º grado asimilable á ordenación cerrada.

As Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento Municipal inclúen o uso administrativo de oficinas e despachos profesionais dentro do uso dotacional:

2.8. - USO DOTACIONAL

2.8.1. - DEFINICIÓN

Defínese como uso dotacional o correspondente a aqueles edificios ou espazos destinados a dotacións ou servizos de interese publico e social, tales como os escolares (centros docentes, bibliotecas, etc.) deportivos (polideportivos, campos de xogos, piscinas, etc.) recreativos e de expansión (cines, teatros, salas de xogo, etc.) sanitarios e asistenciais (sanatorios, residencias, etc.) relixiosos (igrexas, centros parroquiais, etc.) administrativos (oficinas, despachos profesionais, etc.)... y similares.
Inclúe así mesmo todas as actividades complementarias.

2.8.2. - CLASIFICACIÓN

Atendendo ó nivel de concorrencia establécense os seguintes grados:

1º .- Edificios ou instalacións de baixa ou media capacidade receptiva, é dicir, inferior ou similar ó 10% da poboación nuclear.

2º .- Edificios ou instalacións de alta capacidade receptiva superior ó 10% antes indicado.

2.8.3. - CONDICIÓNS

Cumprirán en cada caso a lexislación especifica sobre a materia, buscando a maior integración harmónica no territorio soporte.

As normas xerais que deben cumprir os distintos usos están reguladas no apartado 2 das Ordenanzas das Normas Subsidiarias Municipais de Planeamento Municipal:

2. -NORMAS DE USO

2.1. - CLASES DE USOS

A efectos desta Normativa Urbanística establécense os seguintes usos e niveis de agrupación:

1º.- USOS BÁSICOS, correspondentes á diferenciación máis elemental de ocupación espacial.

Comprenden as seguintes variedades:
Residencial (R), comercial (C), industrial (I) e dotacional (D).

2º.- USOS MIXTOS, correspondentes ó espazo de utilización mixta ou conxunción indiferenciada de usos básicos.

Distínguense os seguintes atendendo á súa magnitude:
a) Grupo binario, constituído pola agrupación de dous usos básicos (é dicir, RC, RI, RD, DI, CD o ID)

b) Grupo ternario, constituído pola agrupación de tres, (ou sexa, RCI, RCD, CID, y RDI)

c) Grupo múltiple, correspondente á maior indiferenciación espacial dos usos básicos, (é dicir, RCID)

2.2.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As condicións que se indican a cada uso do solo son de aplicación ós edificios e instalacións de nova planta ou á modificación dos edificios xa existentes.

2.3.- SIMULTANEIDADE E CONVIVENCIA DE USOS

Os usos incidentes nunha actividade cumprirán en todo caso as condicións propias e de compatibilidade.

2.4.- CONDICIÓN DE INCOMPATIBILIDADE

Será a establecida na normativa vixente.

Por todo o exposto anteriormente enténdese que a normativa urbanística municipal admite a convivencia do uso administrativo, de oficinas e despachos profesionais, có uso de vivenda."

CUALIFICACIÓNS PROVISIONAIS

"Vista a solicitude de **D José Benito Dávila Fuertes e Mª Ángeles Mosqueira Vidal.,** con domicilio na rúa Carlos Casares,Nº12-2º A. Ribadavia, no que solicita subvención para actuacións na área de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia para o inmoble sito na Rúa dos Fornos, a Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na área de rehabilitación do Casco histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante no expediente e o informe da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade dos asistentes, acorda informar favorablemente a solicitude propoñendo a aprobación da Cualificación provisional, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo."

TROCO DE VEHICULO DE AUTOTAXI

"Visto o escrito de **Don Manuel Carral Arias**, con domicilio na Gandarela nº 4, desta Vila, no que prega o troco do vehículo matrícula 4380DCF, adscrito á licencia de autotaxi nº 3, por outro novo (Citroen Piscaso), matrícula ….., a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que neste Concello non hai modelo homologado desta clase de vehículos, accede ó cambio interesado, polo cal, a partir de agora, a licencia nº3 de autotaxi, desenvolverase co vehículo matrícula ……, causando baixa a tódolos efectos, o vehículo matrícula 4380DCF; polo interesado deberán cumprirse tódalas dispsoicións contidas nos Regulamentos Nacionais e Municipais e mesmo comprometerse a desenvolve-lo traballo da praza de taxi de xeito persoal".

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, toma coñecemento dos seguintes:

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCIONS.-

"Vistas as bases reguladoras da convocatoria pública de concurso público para a concesión de subvencións a Concello para a organización de actividades deportivas 2008 aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense de data 8 de febreiro de 2008, publicadas no BOP nº 38, de 15 de febreiro de 2008.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.
Segundo:- Prestar aprobación o proxecto para o que se solicita a subvención de acordo coa memoria obrante no expediente e aceptar as condicións de financiamento e demáis requisitios establecidos nas referidas Bases.
Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Deputación Provincial de Ourense."

APROBACION DE PADRON DO I.V.T.M.

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, préstalle aprobación ao Padrón Cobratorio do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, correspondente ao exercicio 2008, por importe de 220.262,89 euros. Do mesmo modo, acorda sinalar o período de cobranza voluntario do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica correspondente ao presente exercicio económico entre o 1 de Marzo e o 30 de Abril de 2008."

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE O SECRETARIO